

Roma



MANUEL MARIA, o poeta nacional galego que nos acaba de deixar, escribciu durante varios anos no semanario A Nosa Terra unha sección que chamaba "Andando a Terra". Miguel A. Mato Fondo e María Pilar García Negro, no ano 1990 recolleron unha escolma destes artigos publicada en libro (*Manuel Hortas Vilanova-Andando a Terra*), editada polo mesmo semanario, da cal ofrecemos hoxe, na grafía orixinal, en lembranza e homenaxe ao seu autor, esta fermosa viaxe pola cidade de Roma.

Roma causonos unha estrana sensación. A entrada na cidade é moi complicada cun laberinto de estradas nas que calqueira se perde. A nosa primeira impresión foi de sorpresa. O ladrillo das construcións, roxizo e, nalgunos lugares, esfarelado; as augas lodas do Tiber e o ar de vellez deteriorada de toda a urbe, decepcionounos. Mais según iban pasado os días, as horas, os minutos ibámonos compenetrando máis e máis con Roma. Roma metíase en nós a pasos axigantados, ganábamos pra sí, maravillábanos. A paisaxe que a rodea lembráanos algo coñecido e familiar. Cecáis, salvando as distancias, os arredores de Lisboa. Posiblemente sí, anque non poidamos afirmalo con certeza.

Primeiro visitamos a Cidade do Vaticano. Aquelo é unha feira e hai que pagar por todo, mesmo por mexar. O único que deixan visitar gratis é a basílica de San Pedro. Alertáronnos moi seriamente pra que tivéramos tino e sentidiño coas nosas carteiras. O ben visto apare-

cen no chao do Vaticano diariamente de catro a cinco mil carteiras valeiras. Os carteristas exercentes neste lugar son dos mellares e máis competentes profesionais do mundo. Compre aclarar que moitos deles non son italianos.

Nestas viaxes é obrigada a visita ó Museo Vaticano e a Capela Sixtina. Percorremos dous mil oitocentos metros de museo e ollamos a famosísima capela. Saímos da xeria cunha tremenda dór de costas, debida ós empurrós con que nos agasallaron os outros turistas, pois era imposible andar. Menos mal que logo reparamos forzas nun restaurante, fora das murallas vaticanas, onde nos serviron un año sabrosísimo, un viniño moi competente e unha tarta verdadeiramente deliciosa.

Andivemos como se fai sempre nestas ocasións, por eses lugares a onde van tódolos turistas. Unha das cousas que máis nos emocionou foi contemplar, por fora, o palacio Brancuti. Como é sabido nel apareceu un dos nosos cancioeiros medioevais o que levou o



nome de *Colocci-Brancuti*. O de *Colocci* ven do apelido do seu erudito descubridor. E o de *Brancuti* do lugar onde se fixo o descubrimento. Este código, mercado polo goberno portugués no ano 1924, é coñecido como da Biblioteca Nacional de Lisboa, onde se garda na actualidade.

En Roma atopamos a Martiño Montero Santalla, coñecido lingüista galego e querido amigo noso. Estaba facendo os cursos de doctorado na Universidade Gregoriana. Con él pateamos parte da cidade a unha velocidade supersónica. Non podíamos maxinar que un home tivera capacidade pra correr como un corzo.

Temos leído nalgún lugar –aínda que non podemos precisar onde– que os italianos sábeno todo menos perdoar. Isto é certo e maiormente en Roma. En Roma non lle perdoan á cidade, nin os italianos nin o tempo. O tempo e os italianos van luíndo, traballando, remodelando á urbe como fan os oleiros co barro, proveitando o vello material. En Roma, como en ningún outro lugar do mundo, a cidade estase facendo constantemente. O vello e ruinoso non semella nin tan vello nin tan ruinoso. O novo semella moi vello. Esta ambigüedad, que non podemos racioalizar, cecáis sexa parte esencial do sagrado inviolable da Roma eterna, onde a outa horizontalidade das leves nubes, case soños, e a verticalidade escura dos alcapreses son a norma da arquitectura romana e, aínda nos astrevemos a escribir, da arquitectura mediterránea.

Roma é a cidade das fontes. Das máis fermosas fontes creadas e maxinadas polo home. Hai unha lingua e unha música das fontes que a xente xa non entende. De todos xeitos diante das fontes romanas ún sentiui nostalxa da *Fonte de Bandusia*, cantada por Horacio. O rumor das súas augas soa e resoa en língoa galega na tradución do gran poeta Aquilino Iglesia Alvariño. Veleí-quí o comenzo:

*¡Ai, fonte Bandusia, máis que un espe-
llo crara
dina de doce viño e non sin froles!*

E remata:

*Tamén has de sere a máis lembrada
de entre tódalas fontes
que eu cantei ó carballo enraigañado
nas penedas escunqueiradas
por onde gurgullan amodiño
as túas augas lengoreteiras.*

Hai que voltar a Italia só pra escoitar a fonte de Bandusia –o nome da divindade celta das augas, Bandua, de onde veñen os topónimos galegos de Bande e Bandeira– e comparar a súa canción coa fonte das Platerías santiaguesas, coa da Eira de Flores do Carballiño ou coa homildísima fonte da propia tribu natal. E tamén coas das fermosas fontes romanas. Quen leve tal música dentro de si nunca sentirá medrar, no seu interior, a mouro frol da soedade. Sospeitamos que as fontes romanas se fixeron pra espantar soedades, melanconías e nostalxas. Roma é o gozo de vivir ■



Saleta Goi, Lois Diéguez, Manuel María e dúas viaxeiras en Roma, en abril de 1984